

Antífona da cantiga

Ramón Cabanillas

199

Se ti viras o que eu vin
tíñaste que ademirar;
unha cadela con pitos
e unha galiña a ladrar.

220

Fun ao monte por sardiñas,
fun ao mar cargar de toxo,
polo monte fun nadando,
polo mar nun burro coxo.

511

Se todo mar fora leite
e Monte Louro boroa,
xa terían que comer
os tramalleiros de Boa.

694

O gaiteiriño de Corme
no roncón da gaita leva
un letreiriño que di:
Arde o eixo, carballeira!



Ilustración: Luís Davila

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

17 de maio de 2025



AS CANTAREIRAS



AS CANTIGAS POPULARES GALEGAS



Seminario Galán



As cantareiras

As cantareiras son as mulleres que interpretan cantigas da nosa música tradicional ou popular. Estas cantigas interprétanlas nos festexos tradicionais, foliadas, seráns, ruadas, polavilas... ao remate dalgún labor agrícola colectivo: esfolladas, fiadas... ou mesmo nas festas familiares ou veciñais.

Normalmente nestas celebracións, hai anos, había música e baile. Ás veces aparecía (ou era contratado) algún gaiteiro ou acordeonista, pero normalmente estas cantareiras usaban a súa voz e instrumentos de percusión como as pandeiretas, os pandeiros e tamén ferriños, cunchas, latas grandes de pemento, sellas, tixolas... case calquera cousa que producise son.



As Pandeireteiras de Mens, con Manuel Carjaville, director da Agrupación Folklórica Aturuxo.

Nas festas, as cantareiras e pandeireteiras normalmente actuaban en grupos, botando as cantigas por quendas, de tal xeito que todas puidesen participar no baile.

As festas nas que interviñan as cantareiras adoitaban ter a mesma estrutura: primeiro botaban os bailes soltos, con xotas e muiñeiras e despois os agarrados, con pasodobres, polcas, mazurcas... incorporados todos eles á música tradicional galega.

Este ano a RAG dedícalles o Día das Letras ás cantareiras, representadas por Adolfinia e Rosa Casás, de Cerceda, Eva Castiñeira, de Muxía, e Manuela Lema, Teresa García e Prudencia e Asunción Garrido, integrantes estas catro das Pandeireteiras de Mens pola súa contribución ao uso, conservación e difusión da nosa lingua e a nosa cultura.

Cancioneiro Popular Galego, de Dorothe Schubarth e Antón Santamarina. Fundación Barrié de la Maza. A Coruña

